

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DONA MARÍA ROCA VÁZQUEZ, SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME, PROVINCIA DA CORUÑA

CERTIFICO: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día xoves 29 de febreiro de 2024 TOMOU RAZÓN, entre outros, da PROPOSTA seguinte, que se transcribe no seu literal:

«5.- DACIÓN DE CONTA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA TIPOS IMPOSITIVOS 2024

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA TIPOS IMPOSITIVOS 2024

(Expediente TDeC: 2024/X998/000014-2024/G006/000040)

Vista a obriga de remisión de información por medios electrónicos habilitados polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da súa páxina web, e concretamente da oficina de información virtual coas entidades locais, referente á comunicación de tipos impositivos.

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 61/2024, de asunto: “Comunicación información Tipos impositivos 2024”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN»**

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, María Roca Vázquez, Secretaria accidental do Concello de Ponte deume, e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde en funcións don José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto núm. 89/2024 de 29.02.2024*) que se asina dixitalmente en Ponte deume, o día sinalado na marxe por ambos, rubricada pola persoa funcionaria tramitadora.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

INFORME DE INTERVENCIÓN

Ref.: 61/2024

Asunto: Comunicación información Tipos impositivos 2024

Expediente: 2024/X998/000014

Lucía Varela Martínez, interventora no Concello de Pontedeume,

COMUNICO

Que de acordo coa obriga de remisión de información por medios electrónicos habilitados polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas a través da súa páxina web e concretamente da oficina de información virtual coas entidades locais, a información indicada no encabezamento remitiuse con data do 2/02/2024, de acordo cos datos facilitados pola Tesourería municipal.

Asinado dixitalmente en Pontedeume



I. DISPOSICIONES GENERALES

JEFATURA DEL ESTADO

26452 *Real Decreto-ley 8/2023, de 27 de diciembre, por el que se adoptan medidas para afrontar las consecuencias económicas y sociales derivadas de los conflictos en Ucrania y Oriente Próximo, así como para paliar los efectos de la sequía.*

I

Desde la primavera de 2022 y hasta la fecha, se han aprobado un total de siete paquetes de medidas con la finalidad inicial de afrontar las consecuencias en España de la guerra en Ucrania, incluyendo medidas tanto normativas como no normativas, que se han ido adaptando a la evolución de la situación económica y social.

Así, se aprobó el Real Decreto-ley 6/2022, de 29 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes en el marco del Plan Nacional de respuesta a las consecuencias económicas y sociales de la guerra en Ucrania, que tenía como objetivos básicos la contención de los precios de la energía para todos los ciudadanos y empresas, el apoyo a los sectores más afectados y a los colectivos más vulnerables y el refuerzo de la estabilidad de precios. Entre las medidas adoptadas, cabe señalar la bajada de los impuestos en el ámbito eléctrico, una bonificación al precio de los carburantes, y un escudo social para apoyar especialmente a los colectivos más vulnerables, además de importantes ayudas a los sectores productivos más afectados por el alza de los precios de la energía, como el transporte, la agricultura y ganadería, la pesca, y las industrias electro y gas intensivas. Además, se adoptó un importante incremento de las prestaciones sociales (Ingreso Mínimo Vital y pensiones no contributivas) y otras medidas de protección para los colectivos más vulnerables.

Por su parte, el Real Decreto-ley 10/2022, de 13 de mayo, estableció un mecanismo de ajuste de costes de producción para la reducción del precio de la electricidad en el mercado mayorista, conocido como «mecanismo ibérico», que ha llevado a una importante reducción de los costes de la electricidad en España y Portugal, protegiendo a la economía y la sociedad de parte de los efectos de la guerra en este ámbito.

El mantenimiento del conflicto bélico y de sus efectos sobre el nivel general de precios llevó a que se aprobara un segundo paquete, mediante el Real Decreto-ley 11/2022, de 25 de junio, por el que se adoptan y se prorrogan determinadas medidas para responder a las consecuencias económicas y sociales de la guerra en Ucrania, para hacer frente a situaciones de vulnerabilidad social y económica, y para la recuperación económica y social de la isla de La Palma. Mediante esta norma, no solo se prorrogaban las principales medidas temporales para reducir los precios de la energía, la inflación y proteger a los colectivos más vulnerables, incluidas en el Real Decreto-ley 6/2022, de 29 de marzo, sino que, además, se incorporaron importantes medidas adicionales, como la congelación del precio de la bombona de butano, la subvención de hasta un 30 % de los títulos transporte multiviaje de transporte público o previsiones orientadas a incrementar el apoyo público al seguro agrario.

A su vez, el Real Decreto-ley 14/2022, de 1 de agosto, adoptó un conjunto de medidas orientadas a promover el ahorro energético y contener la inflación, entre las que destacaba la gratuidad del transporte público de media distancia por ferrocarril y el incremento de la línea de ayudas directas para el transporte urbano y por carretera. Asimismo, mediante el Real Decreto-ley 17/2022, de 20 de septiembre, se acordó la bajada del IVA del gas natural.

El Real Decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, incrementó este catálogo de medidas para reforzar el ahorro y preparar la economía española de cara al invierno. Entre estas

medida prevista en el apartado 1 anterior, con el límite máximo de la cantidad necesaria para alcanzar el equilibrio entre los ingresos y los gastos asociados a los cargos del sistema eléctrico.

Artículo 24. Impuesto sobre el Incremento de Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana.

Con efectos desde el día 1 de enero de 2024, los importes máximos de los coeficientes a aplicar sobre el valor del terreno en el momento del devengo, según el periodo de generación del incremento de valor, a que se refiere el apartado 4 del artículo 107 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, serán los siguientes:

Periodo de generación	Coeficiente
Inferior a 1 año.	0,15
1 año.	0,15
2 años.	0,14
3 años.	0,14
4 años.	0,16
5 años.	0,18
6 años.	0,19
7 años.	0,20
8 años.	0,19
9 años.	0,15
10 años.	0,12
11 años.	0,10
12 años.	0,09
13 años.	0,09
14 años.	0,09
15 años.	0,09
16 años.	0,10
17 años.	0,13
18 años.	0,17
19 años.	0,23
Igual o superior a 20 años.	0,40

CAPÍTULO II

Participación de las entidades locales en los tributos del Estado y compensaciones

Artículo 25. Revisión cuatrienal del ámbito subjetivo de aplicación de los modelos de financiación.

1. En virtud de lo dispuesto en el artículo 126 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, procede revisar a 1 de enero de 2024 el conjunto de municipios que se

**ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEDEUME**

Modificación OF 14 IIVTNU

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº14 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de maio de 2022, aprobou inicialmente a “Ordenanza fiscal nº14 reguladora do impostos sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana do Concello de Pontedeume”.

Someteuse o expediente a exposición pública por prazo de trinta días hábiles, por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 103 de 01 de xuño de 2022, no taboleiro de anuncios e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de exposición ao público, sen que se presentase reclamación algunha, e consonte ao establecido no artigo 49 apartado c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o dito acordo queda elevado automaticamente a definitivo, procedéndose á publicación do texto íntegro da “Ordenanza fiscal nº14 reguladora do impostos sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana do Concello de Pontedeume”, para xeral coñecemento, en cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tendo en conta o artigo 65.2 do mesmo texto legal.

ANEXO TEXTO CONSOLIDADO ORDENANZA FISCAL N.º 14, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

CAPÍTULO I

Feito impenhável

Artigo 1º.

1.- Constitúe o feito impositivo deste imposto, o incremento do valor que experimenten os terreos de natureza urbana e de características especiais para os efectos do IBI, e que se manifeste por mor da transmisión da propiedade dos mesmos por calquera título, ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os devanditos terreos.

Terán a consideración de terreos de natureza urbana e de características especiais os así cualificados polo artigo 7 e 8 do Real decreto lexislativo 1/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei de catastro inmobiliario (BOE 8 de marzo de 2004). Non será preciso para a existencia do imposto que os citados terreos estean contemplados como tales no catastro ou padrón do IBI.

2.- Non están suxeitos a este imposto:

- a.- o incremento do valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do imposto sobre bens inmobles.
- b.- as achegas de bens e dereitos realizadas polos membros á sociedade conxugal, as adxudicacións que ao seu favor e en pagamento delas se verifiquen e as transmisións que se fagan aos cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns.
- c.- as transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos seus fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial. Así mesmo, non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmobles a título lucrativo en beneficio das fillas, fillos, menores ou persoas con discapacidade suxeitas a patria potestade, tutela ou con medidas de apoio para o adecuado exercicio da súa capacidade xurídica, cuxo exercicio levárase a cabo polas mulleres falecidas como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos en que se defina pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, cando estas transmisións lucrativas traian causa do referido falecemento.

d.- as achegas ou transmisións de bens inmobles en que interveñan a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. ou as entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, na forma e condicións previstos no artigo 104.4 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo.

e.- as transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, para estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmoble no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmobles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de achegas ou transmisións de bens inmobles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 3 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

Capítulo II

Exencións

Artigo 2º.

1.- Están exentos deste imposto os aumentos de valor que se produzan como consecuencia de:

A) A constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.

B) As transmisións de bens que se encontren dentro do perímetro delimitado como conxunto histórico-artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985 de 25 de xuño do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmobles, por un importe superior a 90.000,00 euros durante os últimos tres anos anteriores á data da transmisión.

Considerarase obra de conservación, mellora ou rehabilitación, cando para executar a mesma se tivera solicitado e obtido licenza urbanística maior.

Para estes efectos, as obras de conservación, mellora ou rehabilitación de inmobles deberán cumprir os seguintes requisitos:

Que a solicitude de exención se presente dentro do prazo de declaración ou autoliquidación e se acompañe proba documental acreditativa do cumprimento das condicións sinaladas, comprensiva de:

* Licenza municipal de obras.

* Certificado final de obras.

* Acreditación do pagamento da taxa urbanística polo outorgamento da licenza.

* Acreditación do pagamento do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmoble en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado ao seu cargo as obras. As transmisións a título lucrativo por herdanza, quedarán por tanto excluídas, agás que o herdeiro xustifique que as obras se fixeran ao seu cargo.

C) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaía sobre a

mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumírase o cumprimento deste requisito. Con todo, se con posterioridade comprobábase o contrario, procederase a virar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerárase vivenda habitual aquela na que figurase empadroadado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se o devandito prazo fose inferior aos dous anos. Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente rexistrada.

- 2.-Tamén estarán exentos deste imposto os incrementos de valor cando a obriga de satisfacelo recaia sobre as persoas ou entidades indicadas no artigo 105.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Capítulo III

Suxeitos pasivos

Artigo 3º

Terán a condición de suxeitos deste imposto:

- a) O adquirente do terreo ou a persoa a favor da cal se constituía ou transmita o dereito real de que se trate nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce, limitativos de dominio, a título lucrativo.
- b) O transmitinte do terreo ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate, nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título oneroso.

Capítulo IV

Base imponible

Artigo 4º

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos de natureza urbana, que se pon de manifesto no momento da obriga do pagamento do imposto, experimentado no transcurso dun período máximo de 20 anos, e determinárase, sen prexuízo do disposto no apartado 5 do artigo 104 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, multiplicando o valor do terreo no momento do pagamento, determinado conforme ao previsto na Sección Segunda deste Capítulo, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración do incremento de valor.

2. Os coeficientes para aplicar sobre o valor do terreo no momento do pagamento serán os máximos legalmente establecidos para cada período de xeración do incremento de valor.

3. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 104.5 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, constátase que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados anteriores deste artigo, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

Artigo 5º

O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxera de manifesto este incremento.

Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei indicásese outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela na que se produciu a anterior devindicación do imposto.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, prorratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

Nas transmisións de terreos de natureza urbana e no período de obriga do pagamento, considerase como valor dos mesmos o que teñan fixado nese momento para os efectos do imposto sobre bens inmobles.

Artigo 6º

Nas transmisións de terreos de natureza urbana e no período de obriga do pagamento, considerase como valor dos mesmos o que teñan fixado nese momento para os efectos do imposto sobre bens inmobles.

Artigo 7º

Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos de dominio sobre terreos de natureza urbana, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor definido no artigo anterior que represente, respecto do mesmo, o importe dos referidos dereitos, calculando segundo as seguintes regras:

- A) No caso de constituírse un dereito de usufructo temporal, o seu valor equivalerá a un 2 por 100 do importe catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo, sen que poida exceder do 70 por 100 do dito importe catastral.
- B) Se o usufructo fose vitalicio, no caso de que o usufructuario tivese menos de vinte anos, o seu valor será equivalente ao 70 por 100 do valor catastral do terreo, minorándose esta cantidade nun 1 por 100 por cada ano que exceda da dita idade, ata o límite mínimo do 10 por 100 do expresado valor catastral.
- C) Se o usufructo se establece a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos, considerase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria e o seu valor equivalerá ao 100 por 100 do importe catastral do terreo usufrutuado.
- D) Cando se transmita un dereito de usufructo xa existente, as porcentaxes expresadas nas letras A), B) e C) anteriores aplicarase sobre o valor catastral do terreo cando se produza esta transmisión.
- E) Cando se transmita o dereito na súa propiedade, o seu valor será igual á diferenza entre o valor catastral do terreo e o seu valor usufructo, calculando este último segundo as regras anteriores.
- F) O importe dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar as regras correspondentes á valoración dos usufructos temporais ou vitalicios -segundo os casos- ao 75 por 100 de valor catastral dos terreos sobre os que se constituían tales dereitos.
- G) Na constitución ou transmisión de calquera outro dereito real de goce limitativo do dominio, distinto dos enumerados nas letras A), B), C) e D) deste artigo e o seguinte, considerase como importe dos mesmos, para os efectos deste imposto:
 - a) O capital, prezo ou importe pactados ao constituílo, se fose igual ou maior que o resultado da capitalización ao xuro básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual.
 - b) Este último se aquel fose menor.

Artigo 8º

Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor catastral que represente, respecto do mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume dos andares que se constrúan sobre o solo ou en subsolo e a superficie total ou volume edificado, unha vez construídos aqueles.

Artigo 9º

Nos supostos de expropiación forzosa, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo.

Capítulo V

Débeda tributaria

Artigo 10º

A cota deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible o tipo 26%

Capítulo VI

Esixibilidade do pagamento

Artigo 11º

1. O imposto deberá ser pagado na data de transmisión (ou constitución):
 - a) Cando se transmita a propiedade do terreo, ben sexa oneroso ou gratuito, entre vivos ou por causa de morte.
 - b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio.
2. Para os efectos do disposto na alínea anterior, considerase como data de transmisión.
 - a) Nos actos ou contratos entre vivos, a do outorgamento público; cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun rexistro público ou da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.
 - b) Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante.

Artigo 12º

1. O suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme que tivo lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, sempre que o dito acto ou contrato non lle produciase efectos lucrativos e que se reclame a devolución no prazo de cinco anos desde que a resolución quedou firme.

Enténdese que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban de efectuar as recíprocas devolucións a que se refire o artigo 1295 do Código civil. Anque o acto ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución algunha.

2. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerase como un acto novo suxeito a tributación. Estimarase a avinza, acto de conciliación e a simple conformidade coa demanda como tal mutuo acordo.

3. Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase conforme coas prescricións contidas no Código civil. Se fose suspensiva, non se liquidará ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, exixiríase o imposto, en espera de facer a oportuna devolución segundo a regra da alínea 1 deste artigo, cando a condición se cumpra.

Capítulo VII

Xestión do Imposto

Sección primeira

Obrigas materiais e formais

Artigo 13º

1.- Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar perante este concello a declaración, segundo o modelo determinado polo mesmo, contendo os elementos da relación tributaria imprescindíbeis para practicar a liquidación procedente.

2.- Esta declaración deberá de ser presentada nos seguintes prazos, contando a partir da data en que se produza a obriga do imposto:

- a) Cando se trate de actos “inter vivos”, o prazo será de trinta días hábiles.
- b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogábeis ata un ano, despois da solicitude do suxeito pasivo.

3.- Os documentos nos que consten actos ou contratos que dan orixe á imposición achegaranse xunto coa declaración.

4.- O Concello poderá establecer o sistema de autoliquidación polo suxeito pasivo, segundo os modelos aprobados polo concello para o efecto, e que levará consigo o ingreso da cota resultante da mesma dentro dos prazos previstos no apartado 2. deste artigo.

Respecto das sinaladas autoliquidacións, o concello só poderá comprobar que se teñen efectuado mediante a aplicación correcta das normas reguladoras do imposto, sen que poidan atribuírse valores, bases ou cotas diferentes das resultantes de tales normas.

5.- A autoliquidación non poderá exixirse, en todo caso, no suposto previsto no parágrafo terceiro da letra a do apartado 2 do artigo 107 do Decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 14º

As liquidacións do imposto notificaranse integramente aos suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes.

Artigo 15º

Con independencia do disposto na alínea primeira do artigo 14, están igualmente obrigados a comunicar ao concello a realización do feito imponible, nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

- a) O doador ou persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate, nos supostos contemplados na letra a) do artigo 6º da presente ordenanza, sempre que se teñan producido por negocio xurídico entre vivos.
- b) O adquirente ou a persoa a favor da cal se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, nos supostos contemplados na letra b) do mesmo artigo.

Artigo 16º

Así mesmo, os notarios estarán obrigados a remitir ao concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de todos os documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que lles fosen presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto nesta alínea enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei xeral tributaria.

Sección segunda

Inspección e recadación

Artigo 17º

A inspección e recadación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia así como nas disposicións ditas para o seu desenvolvemento.

Sección terceira

Infraccións e sancións

Artigo 18º

En todo o relativo ás cualificacións das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que correspondan polas mesmas en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo Pleno do Concello de Pontedeume en sesión ordinaria do 25 de outubro de 2012, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2013, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 30, 114.1c) e 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e os artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O anterior, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que sexa procedente e se estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por don José Simoes Couceiro, alcalde-presidente en funcións, en Pontedeume o día 18 de agosto de 2022.

2022/5192

FIRMA: 11/12/2023 12:50:44) , Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 11/12/2023 12:50:41) , SELLO ELECTRONICO DO BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA (FECHA: 11/12/2023 12:50:41) , Versión imprimible



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Aprobación definitiva da “Modificación da Ordenanza fiscal 1 reguladora do IBI”, “Modificación da Ordenanza fiscal 2 reguladora do IAE” e “Modificación da Ordenanza fiscal 3 reguladora do IVTM”

ANUNCIO

Aprobación definitiva da “Modificación da Ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre Bens Inmóbles (IBI)”, “Modificación da Ordenanza fiscal número 2 reguladora do Impostos sobre actividades económicas (IAE)” e “Modificación da Ordenanza fiscal número 3 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM)”.

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de setembro de 2023, aprobou provisionalmente a “Modificación da Ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre Bens Inmóbles (IBI)”, “Modificación da Ordenanza fiscal número 2 reguladora do Impostos sobre actividades económicas (IAE)” e “Modificación da Ordenanza fiscal número 3 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM)”, no sentido seguinte:

Modificar a Ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre Bens Inmóbles (IBI), nos seguintes termos:

"Artigo 1. TIPO IMPOSITIVO

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

- a.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbles aplicábel aos bens urbanos queda fixado no 0,60%
- b.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbles aplicábel aos bens rústicos queda fixado no 0,50%
- c.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbles aplicábel aos de características especiais queda fixado no 1,3%".

En aplicación do sinalado no artigo 73.3 do TRLFL, se propón incluír unha bonificación no artigo 3 da Ordenanza, engadindo un apartado 4, co seguinte tenor literal:

“4. Terán dereito a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra e, no seu caso, do recargo do imposto a que se refire o artigo 153 desta lei, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas”.

"DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, co- mezarán a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024, e se manterá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa"

Modificar a Ordenanza fiscal número 2 reguladora do Impostos sobre actividades económicas (IAE), nos seguintes termos:

"Artigo 5.2 COEFICIENTES DE SITUACIÓN

"2.- Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente sinalado no artigo 86 do Real decreto lexislativo 2/2004, e atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radica fisicamente o local en que se realiza a actividade eco- nómica, establécense os seguintes coeficientes de situación

Categoría fiscal das vías públicas	1ª	2ª
Coeficiente de situación aplicábel	1,3	1,5"

"Artigo 7º INFRACCIÓN E SANCIÓN

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexeirá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, xeral tributaria"

"DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, co- mezarán a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024, e se manterá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa"

Modificar a Ordenanza fiscal número 3 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), nos seguintes termos:

"Artigo 1º

De conformidade co previsto no artigo 95.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as cotas do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable neste municipio se incrementarán mediante a aplicación do coeficiente 1,60, con arranxo ao seguinte cadro de tarifas:

A) Turismo:

De menos de 8 cabalos fiscais: 20,19 euros
 De 8 ata 11,99 cabalos fiscais: 54,53 euros
 De 12 ata 15,99 cabalos fiscais: 115,11 euros
 De 16 a 19,99 cabalos fiscais: 143,37 euros
 De 20 cabalos fiscais en diante: 179,20 euros

B) Autobuses:

De menos de 21 prazas: 133,28 euros
 De 21 a 50 prazas: 189,83 euros
 De máis de 50 prazas: 237,28 euros

C) Camións:

De menos de 1.000 quilogramos de carga útil: 67,65 euros
 De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil: 133,28 euros
 De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil: 183,83 euros
 De máis de 9.999 quilogramos de carga útil: 237,28 euros

D) Tractores:

De menos de 16 cabalos fiscais: 28,27 euros
 De 16 a 25 cabalos fiscais: 44,43 euros
 De máis de 25 cabalos fiscais: 133,28 euros

E) Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil: 28,27 euros.
 De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil: 44,43 euros
 De máis de 2.999 quilogramos de carga útil: 133,28 euros

F) Outros vehículos:

Ciclomotores: 7,07 euros
 Motocicletas ata 125 c.c.: 7,07 euros
 Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.: 12,11 euros
 Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.: 24,24 euros
 Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.: 48,47 euros
 Motocicletas de máis de 1.000 c.c.: 96,93 euros"

"DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, co-pezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024, e se manterá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa"

Someteuse o expediente a exposición pública por prazo de trinta días hábiles, por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia n.º 194 de 10 de outubro de 2023, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de exposición ao público, sen que se presentase reclamación algunha, e consonte ao establecido no artigo 49 apartado c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o dito acordo queda elevado automaticamente a definitivo, procedéndose á publicación do texto íntegro da "Ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre Bens Inmóbles (IBI)", da "Ordenanza fiscal número 2 reguladora do Impostos sobre actividades económicas (IAE)" e da "Ordenanza fiscal número 3 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM)", para xeral coñecemento, en cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tendo en conta o artigo 65.2 do mesmo texto legal.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte

